



INTERVENCIÓN DA PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA NO ACTO DE TOMA DE POSESIÓN DE D. JOSÉ ANTONIO ORZA FERNÁNDEZ E D. RAMÓN JOSÉ NÚÑEZ GAMALLO COMO CONSELLEIROS DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

Parlamento de Galicia, 4 de novembro de 2009, 13:00 horas

Presidente da Xunta de Galicia,
Alcalde,
Conselleiro maior e conselleiros do Consello de Contas,
Deputados,
Autoridades,
Señoras e señores:

O acto que nos convoca, a toma de posesión de dous novos conselleiros do Consello de Contas de Galicia, constitúe un exemplo de normalidade institucional, na medida na que relevos como o que hoxe se produce certifican a boa saúde do sistema democrático de Galicia.

Por iso, ao tomar posesión como conselleiros do Consello de Contas D. José Antonio Orza Fernández e D. Ramón José Núñez Gamallo, dicímoslles en hora boa pola nova responsabilidade que asumen, pero permítome facer extensiva esa felicitación ao conxunto da sociedade.

Desde hoxe, e recoñecendo a enorme valía dos seus antecesores e dos conselleiros que xa están no exercicio das súas responsabilidades, o Consello de Contas gábase de contar entre os seus membros con dous profesionais reputados e respectados por todos, que achegarán, estou segura, a autonomía de criterio e o rigor técnico necesarios para desenvolver, con absoluta garantía, o labor que se lles encomenda.

A normalidade democrática do relevo comporta, porque é de xustiza, que en nome de todos os que somos membros desta Cámara deixe constancia da acrisolada profesionalidade e do recto proceder do que fixeron gala os dous conselleiros que hoxe son relevados e aos que lles desexamos toda clase de éxitos na nova andaina que agora comezan.

Aos dous -Don Xaquín Álvarez Corbacho e Don Francisco Constenla-: moitas grazas e moita sorte. Galicia e as súas institucións agradécenlles a súa contribución ao Consello de Contas.

Canto maior sexa o rigor do traballo fiscalizador do Consello de Contas, maior será a calidade do medio democrático no que se desenvolven as nosas vidas, e maior será tamén a confianza dos cidadáns nos xestores públicos aos que levan confiado a administración dos recursos económicos sufragados cos impostos de todos.

Nun momento no que a clase política non goza precisamente dunha elevada reputación entre a opinión pública, redobrar os esforzos de órganos de control externo, como o Consello de Contas, revélase, probablemente, como unha das estratexias máis acaídas para recuperar a plena confianza dos cidadáns nas institucións democráticas, e no uso que se fai dos recursos públicos.

En todo caso, ese esforzo redobrado dos órganos auditores debe ir acompañado, inescusablemente, dun empeño paralelo por parte das institucións controladas para facilitar cantos documentos e información complementaria lles sexan demandados desde o Consello de Contas, na liña dos diferentes pronunciamentos efectuados, en tempos recentes, por esta Cámara.

É evidente que esta reclamación de colaboración institucional debe levar parello un cambio de actitude dos xestores públicos, de xeito que as administracións e os entes auditados

poñan un maior empeño para levar á práctica todas e cada unha das recomendacións efectuadas polo Consello de Contas.

Ese é, en último termo, o obxectivo das diferentes propostas xurdidas do acordo unánime dos grupos políticos que integran esta Cámara para mellorar o funcionamento do Consello de Contas.

Se así o facemos, cada un desde a responsabilidade que ten encomendada, estaremos dando un gran paso adiante cara a recuperación da ilusión do conxunto da cidadanía pola política e os seus artífices. E contribuiremos tamén a crear o clima de confianza global que todos cobizamos, e que tan necesario resulta para superar a difícil situación económica que estamos a atravesar.

A todos os que hoxe nos acompañan, moitas grazas, e, aos novos conselleiros de contas, reitérolles a miña máis cordial noraboa, desexándolles os maiores éxitos neste novo cometido que hoxe comezan.